

CONCELLO DE CERCEDA

Nº Expte.: **IN408A 2020/167**Denominación do proxecto: **Infraestruturas de evacuación****PE CARBOEIRO**

Solicitante/Promotor: GREEN CAPITAL POWER, SL

Situación: **Concellos de Cerceda, Carral, A Laracha** (A Coruña)

Asunto: Remisión da documentación do proxecto referenciado **para a súa exposición pública.**

Achégase a documentación que de seguido se relaciona e que poderán descargar a través do seu correspondente enlace, para os efectos da súa exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello **durante o prazo de trinta (30) días** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo (no DOG). Ademais, esta documentación tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, industria e Innovación a través do seguinte enlace:

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

- Acordo do 9 de maio de 2022:

<http://descargas.xunta.es/a98bf0cc-d0c0-4603-ac97-26c4d046fd611652181822311>

Documentación Técnica do Proxecto:

- Proxecto Execución (marzo2022-vsdo. 04/04/2022).

<http://descargas.xunta.es/49094fde-9294-4de6-93de-e8970ffd89181652182000293>

- Estudo de Impacto Ambiental (EIA) (septembro2021-asdo.04/03/2022).

<http://descargas.xunta.es/40779bd1-782f-411f-b4f5-8b111f3ce62c1652181906309>

- Proxecto Sectorial (novembro2020-vsdo.16/12/2020).

<http://descargas.xunta.es/9bbd2a81-fafa-4214-a3ff-474d9124da8a1652183040227>



Así mesmo, esta exposición faise co fin de cumprir co trámite de dar audiencia ao seu Concello.

Rematado este prazo, deberá remitir a esta Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, un **certificado acreditativo** desta exposición no que deberá indicar:

- A exposición pública, especificando toda a documentación anteriormente relacionada, así como indicar se houbo ou non **alegacións** e, de ser o caso, **relacionais na certificación** para a súa constancia no expediente administrativo.

Todo o anterior co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital
O xefe do servizo de Enerxía e Minas
Juan José Iglesias Suárez

